



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO XURADO “XXI CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA” DO CONCELLO DE OUTES

Nesta vinteunha edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover os valores creativos e literarios da nosa lingua. A través da concellaría de cultura, desexamos un ano máis, apoiar os novos valores da nosa cultura e as nosas letras, para que deste xeito sirva de estímulo aos novos e novas escritores e escritoras no eido da poesía.

Sendo as 17:00 horas do luns 10 de abril de 2017, reúnense na casa da cultura do Concello de Outes, as persoas que a continuación se indican:

D^a Antía Otero. Editora e poeta.

D^a. María Dolores Tobío Iglesias. Profesora de secundaria.

D. Carlos Callón Torres. Escritor e profesor de lingua e literatura galega.

D. Ricardo De La Torre Rodríguez. Profesor de secundaria.

D. Manuel García Fiúza. Concelleiro de cultura do Concello de Outes

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís, técnico de cultura e mocidade, quen levanta acta e, a continuación, comenta as bases que rexen o devandito certame, pasando copia destas a todas as persoas do xurado.

Seguidamente procédese á entrega dos poemarios que se recibiron dentro do prazo sinalado.

Queda fixada a próxima reunión para o sábado 13 de maio de 2017 na casa da cultura do Concello de Outes, ás once da mañán.

Levántase a sesión sendo as seis e media da tarde, sen máis asuntos que tratar. E para que conste, asínase a seguinte acta por todas as persoas do xurado do “XXI Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 10 de abril de 2017



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA DE FALLO DO XURADO “XXI CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA” DO CONCELLO DE OUTES

Ás once da mañán do día 13 de maio de 2017, reúnese na casa da cultura do Concello de Outes, o xurado do “XXI Certame Francisco Añón de poesía”, formado por:

D^a Antía Otero. Editora e poeta.

D^a. María Dolores Tobío Iglesias. Profesora de Secundaria.

D. Carlos Callón Torres. Escritor e profesor de lingua e literatura galega.

D. Ricardo De La Torre Rodríguez. Profesor de Secundaria.

D. Manuel García Fiúza. Concelleiro de cultura do Concello de Outes

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís técnico de cultura e mocidade, quen levanta acta. Aberto o acto, procédese á selección das persoas galardoadas, tal e como segue a continuación:

Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos:

O xurado decidiu outorgar o primeiro premio, 120 euros en libros e publicación ao traballo presentado baixo o título “*Primavera*” que resultou ser da autoría de Alba Estévez Salgado, concursante de sete anos e natural de Laza. Ourense. O xurado destaca deste traballo o interesante proceso creativo na construción do poema, e como a autora vai do xeral ao concreto. A exaltación que fai de Galicia, e o que representa para ela. É un poema que entronca coa tradición. Dota á composición do ritmo dunha *oda*, é un canto en sí mesma.

As composicións “*O gatiño namorado*” e “*Tiburón cazador*” acadan o accésit compartido, - publicación de ámbolos dous traballos-. Abertas as plicas, corresponden á autoría de Noa Muñiz Sieira e Oscar Ruiz Rial, de 7 anos de idade e naturais de Boiro e estudantes no CEIP Cespón desa localidade.

O xurado valora o poema “*O gatiño namorado*”, como unha composición na que o contido do poema transmite perfectamente o que o título dí. Un acróstico no que a autora ensarza moi ben forma e contido.

A escolla do traballo “*Tiburón cazador*” baseouse na habelencia que tivo o autor na cosntrucción do acróstico, conseguindo ao longo da composición unha coherencia textual con moita chispa.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos:

O xurado outorga o primeiro premio 150 euros en libros e publicación, ao poema titulado "Relax", presentado co pseudónimo de *Tuca*. Aberta a plica correspondeu á autoría de: Marta Brión Nieto, alumna de nove anos natural de Outes, estudante do CEIP Emilio Navasqués do Cruceiro de Roo. O xurado destaca a unidade da composición; valora a intención da autora de construír un poemario máis completo, pasando por rexistros moi diferentes e variados: dende o Haikú ata o xogo que fai cos encadeados, reflectindo nas composicións a súa experiencia propia, e os instantes vividos arredor da paisaxe de mar e praia.

O xurado premia con dous accésits compartidos, publicación dos traballos, aos poemas titulados: "Amarelo" da autoría de Erik Fernández Villar, de nove anos de idade, de Brión e estudante no CEIP de Pedrouzos. O xurado destaca deste traballo a consciencia do autor na escrita, o "eu" posiciónase. Emprega o símbolo do "amarelo" como un elemento emocional e tremendamente maduro. Amáis é capaz de construír a composición abandonando a rima, o que o fai moi meritório.

O xurado premia a composición "O Colexio" da autoría de Yeray Matos Santos, de 9 anos e estudante no Colexio A Inmaculada de Compostela, polo bo uso da lingua que fai ao longo da composición, empregando usos propios como "coller" "xordar" e a descripción da sinxeleza do cotiá no seu día a día.

Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

Unha vez valorados os traballos presentados, o xurado decide outorgar o primeiro premio compartido, 180 euros en libros e publicación, entre os poemas titulados "Semente de poema" e "Só son soños".

Aberta a plica de "Semente de poema" corresponde á autoría de Iago Garrido Carballa de 10 anos de Marín. Pontevedra. Estudante do CEP Sequelo de Marín. O xurado pon en valor que esta composición recolla o feito poético da creación literaria. A palabra como semente para agromar o poema. O autor bebe da tradición literaria para facer algo novo e propio.

Aberta a plica de "Só son soños" correspóndese coa autora Antía Xinyang Bahillo Couso de 11 anos de idade, de Compostela e estudante no Colexio A Inmaculada da mesma cidade. O xurado valora esa vontade de construír unha arquitectura máis complexa no texto. Fai un punto de xiro no mesmo, partindo do xeral desa forza do "soño" para levalo ao cotiá, ao propio.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

O xurado premia con dous accésits compartidos, publicación dos traballos, aos poemas titulados "As mans contan" e "Poemas". Abertas as plicas correspóndense coa autoría de Víctor Moreira González de 10 anos de Marín, estudante do CEP Sequelo. O xurado valora esa visión optimista que se desprende do seu poema. Esa concatenación de ideas que o autor nos presenta e que van medrando progresivamente. En canto ao traballo titulado "Poemas" que corresponde a Leo Santos Moledo de 10 anos e estudante no CEIP Emilio Navasqués do Cruceiro de Roo, Outes, o xurado valora o imaxinario poético propio, diferente. Esa voz propia e con imaxes cheas de forza e sorprendentes que o autor plasma na composición "...dentro as anguilas eléctricas iluminaban a Atlántida"

Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

O xurado considera unanimemente declarar o primeiro premio desta categoría, publicación e 210 euros en libros, ao poemario titulado "Avoa" presentado co pseudónimo *Cassievan*. Aberta a plica, corresponde á autoría de Lucía Amarelo Guinzo, de trece anos de idade, natural da cidade de Lugo, e estudante no Colexio Centro Educativo Galén. Lugo. O xurado valora o sentido do ritmo ao longo da composición, especialmente ao introducir o "caes" "...caes,/ non te logro aferrar,/caes,/pero non te podo levantar./.." Afronta un tema, a familia, o emocional, dende o personaxe da avoa, dende a autenticidade. O sentimento de perda, da enfermidade coa que vai transitando a autora de xeito moi acertado e dende a autenticidade. Emprega unha linguaxe nada tópica "desdebuxándote" e vai ao final da composición cara unha visión máis optimista asumindo a perda como trazo de madurez.

O xurado outorga accésits compartidos (publicación) aos traballos presentados co título "*Mantas de cores*". Aberta a plica, corresponde á autoría de Daniel Souto Pazó de trece anos, natural de Brión e estudante no IES de Brión. O xurado destaca a dualidade semántica: o ben o mal, a escuridade, pero tamén a luz, a cor... O "eu" poético rebélase diante ese mundo doce de sobreprotección. A destacar tamén esa confraternidade final do poema, esa resoulución que o autor fai reunindo en igualdade aos dous países antes confrontados.

O outro traballo merecente de accésit compartido foi para o titulado "Mar mariño refréscame un pouquiño". Aberta a plica, corresponde á autoría de Mariña Maceiras Segovia de 12 anos natural de Compostela e estudante no CEIP López Ferreiro desta cidade. O xurado valora a construción do traballo que fai a autora buscando unha unidade poética. Parte do mar, como algo coñecido e vai levándoo polos diferentes elementos máis concretos, ata que finalmente remata co "eu" poético "... bágoa que escorre/ bágoa que esvara/ bágoa que percorre/ bágoa que me fala."



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos:

O poemario gañador á estimanza do xurado foi o traballo titulado “*Compases sen rumbo*”. Aberta a correspondente plica resultou ser da autora Laura López Esteban de dezasete anos de idade, natural de Lugo. Estudante no IES Lucus Augusti da mesma cidade e á que lle corresponden 450 euros e publicación da obra. O xurado quere resaltar do seu poemario, a construción do propio que vai facendo ao longo do traballo, esa vontade de construír unha unidade, de xerar unha viaxe, de construír un micropoema. Reflictese no seu traballo, unha cuestión de perda, de extravío, de deriva, da presenza do "outro" e dende ahí unha loita unha rebelión que vai expresando a autora. Ese "eu" oprimido, afundido, que quere expresarse, saír a flote.

O xurado concede accésits compartidos (publicación da obra) aos poemarios titulados “*Un cuarto para naufraxios*”, da autoría de Isolda Comesaña Alcaraz de quince anos de idade e natural de Vigo, estudante no IES Alexandre Bóveda. Nel estimouse a limpeza na escrita, a marcada direccionalidade do discurso, con certo carácter narrativo. A autora enfrontase ao pre-establecido, a palabra como liberadora, construíndo imaxes moi efectistas "...escribo con chamas/ co ferro ardente..." Esa consciencia do abandono da infancia como lugar apracible, da familia, do preestablecido co que a poeta quere rachar.

O outro accésit compartido (publicación) foi para o traballo titulado “*Ghachuska*”, aberta a plica corresponde a Fabián Niño Hernández, de 15 anos de idade, natural da Fonsagrada, Lugo, e estudante no IES Fontem Albei. O xurado quixo resaltar a aposta que o autor fai coa temática erótica cun formato experimental e co que consegue transmitir forza nos seus poemas a través desa carnalidade. A nivel léxico emprega un ton máis tradicional pero que acertadamente racha coa forma máis rompedora. O seu mérito é ese diálogo, esa fricción entre as dúas formas. Hai ao longo do poemario un posicionamento con respecto ao uso da palabra, un desorde que ao final non o é.

Categoría F: Maiores de 18 anos:

O poemario gañador desta categoría- 1200 euros e publicación da obra- é para o traballo titulado “*Asombrario*” que se acompañou do lema *Xuncal*. Aberta a plica resultou ser a autora Ana Belén Varela Miño, de Narón. O xurado valora do seu traballo, esa limpeza da súa poesía, esa precisión e control do breve, do concreto. Pon en valor o asombro como intrínseco. Constrúe un "Asombrario" como un *diccionario de asombros*, un lugar ao que acudir; asombro como extraordinario, asombro como medo, como distopía. Todos eses medos que están nese “eu poético” e que a autora nos vai amosando, e levando por eles.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Emprega certas influencias, certo dominio de referentes cos que dialoga e consegue darlles a volta (a barbantesa, a arañeira, Hopper e a imaxe do espello da paixón conxelada, dos desexos..). Dende a sinxeleza coa que parece que transcende toda a composición, vainos levando a unha profundidade maior cada vez que a persoa lectora se vai adentrando no poemario. Parte de elementos moi pequenos e coñecidos para levarnos cara unha certa sofisticación buscada. Hai toda unha serie de cores e sensacións, versos que conflúen cos sons coas aliteracións. Hai tamén unha vontade, unha conciencia do que quere facer coa escrita, e unha acertada actualidade na temática. Hai un diálogo, mais tamén a autora busca o silencio e dálle o seu protagonismo. Fai unha visión crítica pero dende a realidade na que estamos inmersos.

Sutileza, elegancia e fluidez do poemario. Poñendo en valor a propia palabra, o propio corpo da palabra, o que significa en sí mesma.

O xurado concede dous accésit compartidos –publicación- ao poemario titulado “*As paisaxes perdidas*”, aberta a plica corresponde a Francisco Javier Jardón Bahía, de Lugo. Á estimanza do xurado o autor dialoga co territorio coñecido, transitado, á vez que asume esa conciencia de perda do territorio. Ao longo do poemario dialoga coa poesía dos 90. No seu traballo podemos ver unha presenza moi importante do corpo, presentándonos unha dualidade entre paisaxe e corpo. Verso longo que camiña nun diálogo case coa prosa, case no límite. É curiosa a partición que fai dos versos, así como a ausencia de puntuación neles. Esa “paisaxe” do poemario como *horizonte*, como *longa chaira*.

O outro accésit compartido –publicación- foi para o traballo “*O zapato esquerdo de madame Bovary*”. Aberta a plica resultou ser da autoría de Óscar García Ramos, de Bergondo, A Coruña. O xurado valora a conversa que mantén o autor cos referentes culturais para acabar reflectindo os límites da palabra e do son. É un poemario que reflicte as abondosas lecturas das que o autor bebeu, que foi recollendo para sí e que agora rescata para sacarlles partido. Insírese na tradición, pero cun grande gusto, reflectindo certa ironía, certo humor. Retoma a tradición pero con certo distanciamento, facendo unha desacralización dos propios referentes.

Remátase a sesión sendo as 14:20 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do “XXI Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 13 de maio de 2017